



MEMORIA FUNCIONAL E ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

No Diario Oficial de Galicia núm. 101, do 27 de maio de 2024, publicouse o Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública. E no Diario Oficial de Galicia núm. 41, do 28 de febreiro de 2025, publicouse o Decreto 202/2024, do 4 de novembro, polo que se modifica o citado Decreto 141/2024, do 20 de maio.

Nos seguintes apartados, detállanse os cambios que se introducen nos postos da vixente RPT, que foi publicada por Resolución do 5 de agosto de 2025 (DOG núm. 156, do 18 de agosto de 2025).

Nos distintos centros directivos da consellería prodúcense unha serie de modificacións de postos na procura dunha mellor prestación do servizo público e co obxectivo de avanzar na eficacia e eficiencia no traballo, sen que estas modificacións afecten á ocupación dos postos nin ao resto das súas características.

1.- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOIRO

Na Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro, no posto base subgrupo C2, código FC.C02.00.000.15770.018, elimínase a observación "ocupado por persoal laboral fixo (DT 11ª da Lei 4/1988, do 26 de maio)", como consecuencia da xubilación o día 31 de decembro de 2025 da persoa titular do posto.

2.- DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS

Na Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos, tal como se indica na memoria da dita dirección xeral do 10 de marzo de 2026, propónse a apertura ao subgrupo C1 das xefaturas de sección que se indican a continuación para facilitar a súa cobertura.

Dependendo da Subdirección Xeral de Xestión do FEDER:

- Xefatura de Sección I, código FC.C04.00.002.15770.002, pasa a estar aberto aos subgrupos A1/A2/C1.
- Xefatura de Sección II, código FC.C04.00.002.15770.003, pasa a estar aberto aos subgrupos A1/A2/C1.

Dependendo da Subdirección Xeral de Xestión do FSE:

- Xefatura de Sección I, código FC.C04.00.003.15770.002, pasa a estar aberto aos subgrupos A1/A2/C1.
- Xefatura de Sección II, código FC.C04.00.003.15770.003, pasa a estar aberto aos subgrupos A1/A2/C1.





3.- A INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

No centro de destino Intervención Territorial da Coruña, no posto Interventor/a Habilitado/a I, código FC.C07.00.030.15001.005, pasa a denominarse Interventor/a Habilitado/a, eliminándose o "I", ao non ser necesaria a numeración por non existir ningún outro posto similar na dita unidade administrativa.

No centro de destino Oficina Galega de Auditoría e Control – División de Coordinación, Seguimento e Axudas de Estado, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de División de Coordinación, Seguimento e Axudas de Estado, código FC.C07.00.005.15770.002, pasa a ter o código FC.C07.00.005.15770.001, en consonancia co resto de subdireccións xerais.

No centro de destino Intervención Delegada da Consellería de Política Social e Igualdade, no posto denominado Xefatura de Negociado, código FC.C07.00.014.15770.021, elimínase a observación "Cando sexa vacante específico nivel 18 xeneralizado", pasando a ter o complemento específico xeralizado, como consecuencia da xubilación o 31 de outubro de 2025 da persoa titular do posto.

No centro de destino Intervención Territorial de Lugo, no posto base subgrupo C2, código FC.C07.00.030.27001.040, elimínase a observación "ocupado por persoal laboral fixo (DT 11ª da Lei 4/1988, do 26 de maio)", como consecuencia da xubilación o día 4 de outubro de 2025 da persoa titular do posto.

A aprobación desta proposta de modificación da RPT non supón incremento de gasto público. Como consecuencia da eliminación no posto denominado Xefatura de Negociado, código FC.C07.00.014.15770.021, da observación "Cando sexa vacante específico nivel 18 xeneralizado", pasando a ter o complemento específico xeralizado, isto é, pasando de ter como complemento específico 10.169,32 € a ter 8.064,84 € (sen IPC e cota patronal), o crédito liberado procedente deste apartado ascende a 2.746,18 € (IPC e cota patronal incluídos).

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.
O secretario xeral técnico e do Tesouro

David Cabañó Fernández

